



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DE ANÁLISE/ESTUDO/EXAME DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS E ADOCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN NO PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO “ALUMEADOS DE CURRO, XARÁS E PRADO”, INCLUIDA NO PMA 2016.

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 9:38 horas do día 20 de xuño de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 17 de febreiro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

Vogais:

D^a Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D^a Paula María Suárez Cotelo, Interventora da Corporación.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto non público, o análise/estudo/exame da documentación xustificativa das ofertas incursas en valores anormais ou desproporcionados presentadas polos licitadores ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L.; CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA, S.L. e ROO MONTAJES ELÉCTRICOS, S.L. no procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), das obras ás que se refire o proxecto denominado “ALUMEADOS DE CURRO, XARÁS E PRADO” (Camariñas), incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, dar conta dos informes técnicos emitidos pola arquitecta municipal en relación a dita documentación xustificativa e adoptar á vista dos mesmos os acordos que procedan.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

2º.- ANÁLISE/ESTUDO/EXAME DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS OFERTAS INICIALMENTE ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS PRESENTADAS POLOS LICITADORES ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L., CYMCO GALICIA, S.L. E ROO MONTAJES ELÉCTRICOS, S.L., DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TÉCNICOS EMITIDOS AO RESPECTO E ADOCIÓN DOS CORRESPONDENTES ACORDOS.

Na reunión da Mesa de Contratación de data 2 de maio de 2017, acordouse comunicar aos licitadores ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L., CYMCO GALICIA, S.L. e ROO MONTAJES ELÉCTRICOS, S.L. que as súas ofertas económicas eran, en principio, desproporcionadas ou anormais, concedéndolles un prazo de cinco días para que xustificasen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.3 do prego de cláusulas que regula a contratación.

Con data 05/05/2017 (RXE núm. 201799900000011) e 11/05/2017 (RXE núm. 2125 e 2131) respectivamente, as empresas ROO MONTAJES ELÉCTRICOS, S.L.;



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L. e CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA, S.L., presentan documentación ao efecto de xustificar as ofertas económicas presentadas.

De conformidade co establecido no prego e na normativa de contratación administrativa foi solicitado e emitido, en data 29/05/2017, informe técnico ao respecto pola arquitecta municipal, D^a M^a Asunción Méndez Vilalta.

En reunión celebrada en data 02/06/2017 a Mesa de Contratación, a vista do informe técnico emitido e considerando que o mesmo non era concluínte/claro, acordou que por parte da arquitecta municipal se aclarase/concretase se a documentación presentada polos licitadores xustificaba debidamente as ofertas presentadas, isto è, se debían ser consideradas ou non como anormais ou desproporcionadas.

En data 16/06/2017 foi emitido pola arquitecta municipal o informe solicitado.

Visto, pois, os informes técnicos e examinada a documentación presentada polas empresas así como a restante documentación/actuacións que obran no expediente, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

Único.- Aceptar de plano os informes técnicos emitidos pola arquitecta municipal, segundo os cales as ofertas presentadas non están convenientemente xustificadas, propoñendo ao Órgano de Contratación o rexeitamento das ofertas presentadas polas empresas ROO MONTAJES ELÉCTRICOS, S.L.; ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L. e CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA, S.L. e que, en consecuencia, estas empresas queden excluídas do procedemento/licitación.

3º.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA DE OFERTAS ECONÓMICAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Á vista das ofertas económicas presentadas polos licitadores admitidos que continúan no procedemento, a Mesa de Contratación, por unanimidade acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores admitidos que continúan no procedemento na seguinte orde:

Nº Orde	LICITADOR	PREZO OFRECIDO
1	SIMÓN SANTOS ROA	17.854,25 €
2	SYR-AMG, S.L.U.	18.140,69 €
3	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	18.505,58 €
4	MIGUEL ANGEL PÉREZ MÉNDEZ	18.747,16 €
5	TÉCNICA 4 INGENIERÍA Y MONTAJES, S.L.	18.795,23 €
6	ANSEGA ELECTRICIDAD, S.L.U.	18.947,00 €
7	IDM PEREIRA, S.L.	19.325,00 €
8	GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	19.400,00 €
9	INSMONTEL CUTRÍN, S.L.	19.985,00 €
10	CELSO NÚÑEZ, S.L.	20.042,78 €
11	NEW ENERGY CONCEPT 2020, S.L.	20.613,05 €
12	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	20.617,12 €
13	ALUMEA, S.L.	20.769,15 €
14	MICRO LED LA MANCHA, S.L.	21.059,26 €
15	SETGA, S.L.U.	21.067,65 €
16	MONCOSA OHS, S.A.	21.079,69 €
17	ANYCLEN, S.L.	21.135,56 €



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

18	S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L.	21.202,88 €
19	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES BARREIRO, S.L.	21.314,67 €
20	MABEGAL, S.L.U.	21.943,79 €
21	NOROINSTAL, SISTEMAS E INSTALACIONES, S.L.	22.547,02 €
22	TÉCNICAS ENERXÉTICAS INTEGRALES GALICIA, S.L.	23.212,14 €
23	MANUEL CANOSA BERMÚDEZ	23.420,00 €
24	ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.	23.490,00 €
25	T'UVENTO INGENIERIA MINIEÓLICA, S.L.	23.995,00 €
26	LUMILED RENOVABLES, S.L.	24.000,00 €
27	INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, S.L.	24.205,36 €
28	ENERFREE, S.L.	24.384,00 €
29	BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS, S.L.	25.035,20 €

Segundo.- Proponer ao órgano de contratación, a adxudicación do contrato das obras de **“ALUMEADOS DE CURRO, XARÁS E PRADO”, incluídas no PMA 2016**, a favor do empresario **SIMÓN SANTOS ROA**, con CIF: 79315588L, no prezo total de **21.603,64 € (17.854,25 € + 3.749,39 € de 21 % de IVE)**.

Seguidamente redáctase á acta da sesión dándose lectura a mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que se autoriza coa sinatura da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 10:35 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril